

## **Declaración institucional de apoio a todos os afectados polos tremores acaecidos en Turquía e Siria**

O pasado día 6 de febreiro, Turquía e Siria sufriron dous tremores de magnitude 7,8 e 7,5 na escala Ritcher, con epicentro na cidade de Gaziantep, cuxa área metropolitana ten máis de 2 millóns de habitantes. Toda a zona do sur de Turquía está moi afectada, con graves danos en cidades como Diyarbakir, Adryamam, Osmaniye, Malatya e Adana.

No caso de Siria, cidades como Aleppo, Latakia e Hama son algunhas das principais afectadas polo seísmo.

O tremor ten deixado miles de vítimas e feridos, a moitas persoas sen fogar e colapsado as infraestructuras das cidades, xerando unha situación especialmente crítica, que está a verse agravada polas baixas temperaturas do inverno.

A Unión Europea ten respondido ao chamamento de axuda internacional realizado polas autoridades turcas, activando o Mecanismo Europeo de Protección Civil para a coordinación da axuda internacional dos Estados Membros.

España, no marco da coordinación establecido pola UE, ten mobilizado efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME) e ao Equipo de Bombeiros de Resposta Inmediata da Comunidade de Madrid (Ericam), e enviado o hospital de campaña da Axencia Española de Cooperación ao Desenvolvemento para axudar a paliar as terribles consecuencias do tremor.

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ten sido chamada a participar no grupo de traballo de cooperación, convocado pola AECID, para posibilitar unha rápida e eficaz resposta ante a situación de emerxencia, xunto a Comunidades Autónomas e ONG humanitarias. Na primeira xuntanza, recentemente celebrada, fíxose unha análise das consecuencias humanitarias do tremor, e plantexáronse traballos de coordinación necesarios que polo momento consisten fundamentalmente en intervencións de persoal no ámbito da cooperación.

A FEMP, como sempre fai neste tipo de situacións, púxose a disposición e domostrou o seu apoio nas medidas que, en coordinación coa AECID, se poidan ir adoptando, e a súa capacidade para que a información chegue a todo o territorio do noso país, a través das entidades locais, así como a súa implicación nos chamados de axuda aos gobernos locais que se poidan ir producindo. A FEMP será a canle de información directa aos concellos, diputacións, consells e cabildos en cantas medidas se poidan ir habilitando, para facilitar a materialización da solidariedade dos gobernos locais que sempre está presente neste tipo de catástrofes.

A FEMP, en representación das entidades locais españolas, ten acordado a seguinte Declaración Insitucional, á que se suma esta Institución Provincial:

1. Trasladamos toda a nosa solidariedade e afecto á poboación turca e siria, e a cantas persoas se estean a ver afectadas polo tremor, e que facemos extensiva aos residentes no noso país de ambas nacionalidades.
2. Sumámonos ás iniciativas de axuda á poboación para paliar as terribles consecuencias do tremor.

3. Poñémonos a disposición do Goberno de España, con todos os nosos medios, para colaborar en calquera tipo de actuación humanitaria, no marco do mecanismo de axuda activado pola Unión Europea.